

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

14263 *Real decreto 1109/2015, do 11 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, e se regulan as oficinas de asistencia ás vítimas do delito.*

I

A aprobación da Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, mediante a que se traspón a Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos e pola que se substitúe a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello, require o desenvolvemento dalgunhas das previsións recollidas no citado Estatuto, en prol de garantir a efectividade dos dereitos que nel se recollen, así como unha regulación das oficinas de asistencia ás vítimas.

II

O presente real decreto desenvolve, en primeiro lugar, as previsións do Estatuto da vítima do delito para garantir o recoñecemento e a protección por parte dos poderes públicos dos dereitos que as vítimas teñen recoñecidos, cun alcance xeral. Non se pretende, nin resulta oportuno, un desenvolvemento regulamentario de todos e cada un dos dereitos recoñecidos no Estatuto da vítima do delito, xa que a gran maioría se encontran ben definidos e se poden exercer sen necesidade de maior regulación. Tan só se conteñen algunhas precisións para garantir a mellor aplicación dalgún dos dereitos recoñecidos ás vítimas.

Para tal fin, ínstanse as administracións públicas a aprobar e fomentar o desenvolvemento de protocolos de actuación e de procedementos de coordinación e colaboración, nos cales tamén terán participación as asociacións e os colectivos de protección das vítimas.

Establécese que a decisión policial de non facilitar interpretación ou tradución das actuacións á vítima será sempre motivada e deberá quedar debida constancia dela e da súa motivación no atestado.

En relación co dereito de información, garantirase o cumprimento do previsto no artigo 5 do Estatuto da vítima do delito mediante a posibilidade de elaborar documentos que faciliten a información necesaria ás vítimas, sen prexuízo de acomodar esa información ás circunstancias e condicións persoais da vítima, así como á natureza do delito cometido e dos danos e perdas sufridos.

Reitérase que o acceso por parte das vítimas aos servizos de asistencia e apoio facilitados polas administracións públicas e polas oficinas de asistencia ás vítimas será sempre gratuito e confidencial. E establécese a posibilidade de que as administracións públicas e as oficinas de asistencia ás vítimas fagan extensivo o dereito de acceso aos servizos de asistencia e apoio aos familiares, aínda que non teñan a consideración de vítimas, cando se trate de delitos que causasen prexuízos de especial gravidade.

Tamén se recolle o dereito a un período de reflexión en caso de catástrofe ou sucesos con vítimas múltiples. Todo protocolo que conteña normas de coordinación para a asistencia ás vítimas incluírá unha previsión para facer efectivo este período de reflexión.

Finalmente, regúlase un procedemento para facer efectiva a obrigação de reintegrar aquelas axudas, subvencións ou gastos que realizase a Administración a favor de persoas que resultaron condenadas por denuncia falsa ou simulación de delito, para evitar o enriquecemento de quen se aproveitase inxustamente do sistema asistencial de protección ás vítimas.

III

Créase o Consello Asesor de Asistencia ás Víctimas, con carácter de órgano consultivo con ampla representación. Este Consello Asesor terá distintas funcións para velar polo respecto dos dereitos das vítimas e polo bo funcionamento do sistema de asistencia. Co asesoramento deste consello, o Ministerio de Xustiza poderá levar a cabo a avaliación periódica do sistema de asistencia ás vítimas e propor, a través do Consello de Ministros, as medidas e reformas que sexan necesarias para a mellor protección das vítimas.

IV

Como é sabido, a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, regulou no seu artigo 16 as oficinas de asistencia ás vítimas, cuxa actuación, ata o momento, estaba desenvolvida a través dun mero manual. Por iso, resulta esencial para a organización e o funcionamento destas o desenvolvemento regulamentario das súas actuacións. Neste real decreto regúlase a actuación das oficinas de asistencia ás vítimas, en atención aos dereitos recollidos na normativa europea e no Estatuto da vítima do delito.

As oficinas de asistencia ás vítimas constitúense como unidades dependentes do Ministerio de Xustiza ou, de ser o caso, das comunidades autónomas con competencias asumidas sobre a materia, que analizan as necesidades asistenciais e de protección das vítimas, e que estarán integradas por persoal ao servizo da Administración de xustiza, psicólogos ou calquera técnico que se considere necesario para a prestación do servizo. Con isto fíxase un marco asistencial mínimo para a prestación dun servizo público en condicións de igualdade en todo o Estado e para a garantía e protección dos dereitos das vítimas, sen prexuízo das especialidades organizativas das oficinas segundo a normativa estatal ou autonómica que lles resulte de aplicación.

V

Entre os dereitos por cuxa efectividade deben velar as oficinas de asistencia ás vítimas están os seguintes:

O dereito a entender e a ser entendida. A vítima ten dereito, desde o seu primeiro contacto coa Oficina de Asistencia ás Víctimas, presentase ou non denuncia, a contar coa asistencia ou cos apoios necesarios para se poder facer entender ante ela.

O dereito á información das vítimas. As oficinas de asistencia ás vítimas, en atención ao disposto na Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, prestan un servizo de información que resulta esencial para as vítimas. A información prestaráselles ás vítimas, incluíndo o momento previo á presentación da denuncia, sen atrasos innecesarios, de forma adaptada ás súas circunstancias e condicións persoais e á natureza do delito cometido e dos danos e perdas sufridos, de forma detallada e será actualizada durante todo o proceso.

O dereito á protección das vítimas. O Estatuto da vítima do delito sinala que as oficinas de asistencia ás vítimas realizarán unha valoración individual das vítimas co fin de determinar as súas necesidades especiais de protección, tendo en conta as características persoais, en especial daquelas vítimas máis vulnerables como son os menores ou as persoas con discapacidade necesitadas de especial protección e a natureza e as circunstancias do delito. E todo iso coa finalidade de determinar que medidas de asistencia e protección deben ser prestadas á vítima.

Toda vítima, directa ou indirecta, terá dereito a acceder de forma gratuíta e confidencial aos servizos de asistencia e apoio prestados polas oficinas de asistencia ás vítimas e polo resto de administracións públicas. Este dereito poderase estender aos seus familiares cando se trate de delitos que causasen prexuízos de especial gravidade.

VI

A asistencia das oficinas é unha función que consiste na acollida inicial da vítima, na súa orientación e información e na proposta de medidas concretas de protección, tendo en conta as necesidades de apoio específicas de cada vítima, segundo aconselle a súa avaliación individual e, en especial, as situacións en que se poden encontrar certas categorías de vítimas, como son os menores ou as persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, co obxectivo de facilitar a súa recuperación integral.

A asistencia das oficinas presta personal especializado, sometido a formación continua e actualizada, que traballa de forma interdisciplinar e coordinada. A Oficina reflectirá os resultados da súa avaliación, así como a valoración do caso nun informe, e adoptará a decisión sobre as intervencións extraprocesuais que se vaian realizar.

As oficinas poderán elaborar plans de asistencia individualizados para o adecuado seguimento das vítimas. E cando se trate de vítimas vulnerables, deberán realizar plans de apoio psicolóxico. Estes plans poderán ser supervisados polo Ministerio de Xustiza ou polas comunidades autónomas que asumisen competencias, co fin de mellorar o sistema de asistencia e asegurar unha atención individualizada en función das circunstancias de cada vítima.

As funcións de asistencia e protección das vítimas fan precisa a plena coordinación das oficinas con outros órganos ou entidades que tamén exerzan funcións de protección e asistencia ás vítimas, para o cal se prevé a creación de toda unha rede de coordinación e a posibilidade de realizar convenios de colaboración e protocolos.

VII

Entre as funcións das oficinas recóllense tamén aquelas relativas ás medidas de xustiza restaurativa, como parte da necesaria asistencia ás vítimas. Cada vítima enfróntase ao delito de forma diferente, en función das súas circunstancias. A vítima pode necesitar liberar a emoción negativa para recuperar o seu equilibrio e este pódese alcanzar grazas ao recoñecemento dos feitos esenciais polo infractor ou pola aclaración do sucedido.

As oficinas informarán a vítima sobre a posibilidade de aplicar medidas de xustiza restaurativa, proporán ao órgano xudicial a aplicación da mediación penal cando o consideren beneficioso para a vítima e realizarán actuacións de apoio aos servizos de mediación extraxudicial.

VIII

A Oficina de Información e Asistencia ás Vítimas do Terrorismo da Audiencia Nacional, prevista no artigo 51 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, é obxecto de desenvolvemento regulamentario para potenciar as súas funcións e asegurar a necesaria coordinación entre todas as institucións implicadas na asistencia e protección das vítimas de delitos de terrorismo.

IX

Conforme a Directiva 2004/80/CE do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre indemnización ás vítimas de delitos, no suposto de acceso á indemnización en casos transfronteirizos, cada Estado membro designará unha autoridade de asistencia. En España esta autoridade corresponde ás oficinas de asistencia ás vítimas, de conformidade co disposto no Real decreto 199/2006, do 17 de febreiro, que atribúe ás oficinas determinados deberes de información, axuda e asesoramento para os delitos dolosos e violentos cometidos noutro Estado membro.

Este real decreto conta co informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e da Fiscalía Xeral do Estado, e remitiuse ás comunidades autónomas afectadas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Dereitos das vítimas

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto desenvolve o Estatuto da vítima do delito de conformidade co disposto na Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, e regula as oficinas de asistencia ás vítimas.

2. As disposicións deste real decreto serán aplicables, sen prexuízo do disposto no artigo 17 do Estatuto da vítima do delito e no artigo 24 deste real decreto, ás vítimas de delitos cometidos en España ou que poidan ser perseguidos en España, con independencia da súa nacionalidade, de se son maiores ou menores de idade, ou de se desfrutan ou non de residencia legal.

Artigo 2. *Dereitos das vítimas.*

1. Os dereitos recoñecidos ás vítimas do delito exerceranse de conformidade co disposto no seu estatuto e no presente real decreto, así como polo disposto na lexislación especial e nas normas que resulten de aplicación.

2. Todos os poderes públicos velarán polo recoñecemento e pola protección dos dereitos que as vítimas teñen recoñecidos.

Artigo 3. *Desenvolvemento de protocolos de actuación e colaboración.*

Para a efectividade dos dereitos recollidos no Estatuto da vítima do delito e no presente real decreto, as administracións públicas implicadas aprobarán e fomentarán o desenvolvemento de protocolos de actuación e de procedementos de coordinación e colaboración, nos cales tamén terán participación as asociacións e os colectivos de protección das vítimas.

Artigo 4. *Período de reflexión en caso de catástrofe ou sucesos con vítimas múltiples.*

1. En caso de catástrofes, calamidades públicas ou outros sucesos que producen un elevado número de vítimas e que poidan constituír delito, os avogados e procuradores non se poderán dirixir ás vítimas directas ou indirectas destes sucesos para lles ofrecer os seus servizos profesionais ata transcorridos, ao menos, 45 días desde o feito.

Esta prohibición quedará sen efecto no caso de que a prestación destes servizos profesionais fose solicitada expresamente pola vítima.

2. Todo protocolo que conteña normas de coordinación para a asistencia ás vítimas incluírá unha previsión para facer efectivo este período de reflexión.

Artigo 5. *Obrigación de reembolso.*

1. Se é condenada por denuncia falsa ou simulación de delito, a persoa que se beneficiase de subvencións ou axudas percibidas pola súa condición de vítima e que fose obxecto dalgunha das medidas de protección reguladas no Estatuto da vítima do delito ou no presente real decreto estará obrigada a reintegrar as cantidades recibidas en tal concepto e ao aboamento dos gastos causados á Administración polas súas actuacións de recoñecemento, protección e apoio, así como polos servizos prestados, sempre que tales gastos se poidan cuantificar e estean xustificadas.

2. O órgano concedente da subvención ou axuda e a Administración que soportase o gasto serán os competentes para exixir do beneficiario o reintegro das subvencións ou axudas e o aboamento dos gastos causados, mediante a resolución do procedemento regulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, coas especialidades previstas neste real decreto.

3. Cando a persoa condenada recibise subvencións ou axudas na súa condición de vítima e fose obxecto dalgunha das medidas de protección reguladas no Estatuto da vítima do delito ou no presente real decreto, ou xeráse gastos á Administración por actuacións de recoñecemento, información, protección e apoio, así como por servizos prestados na súa condición de vítima, o Ministerio de Xustiza, de non ser competente para exixir o reembolso, remitirá o testemuño da sentenza condenatoria ao órgano concedente ou á Administración que soportase o gasto, co fin de que estes poidan iniciar o procedemento de reintegro.

4. O xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 50 por cento, que se devindicará desde que se concedeu a subvención ou axuda, ou desde que se produciu o gasto.

5. Prescribirá aos catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro ou o aboamento dos gastos causados, que se computará desde que adquiriu firmeza a sentenza condenatoria por denuncia falsa ou simulación de delito. O cómputo do prazo de prescrición interromperase polas causas previstas na Lei xeral de subvencións.

6. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu regulamento, serán de aplicación supletoria ao disposto no presente artigo.

Artigo 6. *Dereito á tradución e interpretación.*

A decisión policial de non facilitar interpretación ou tradución das actuacións policiais á vítima, a que fai referencia o artigo 9.4 do Estatuto da vítima do delito, será excepcional e motivada e deberá quedar debida constancia dela e da súa motivación no atestado. O atestado policial deberá recoller a desconformidade que puidese ter formulado a persoa afectada pola decisión denegatoria.

Artigo 7. *Dereito á información.*

1. Sen prexuízo do deber de adaptar a información a que fai referencia o artigo 5.1 do Estatuto da vítima do delito ás circunstancias e condicións persoais da vítima, así como á natureza do delito cometido e dos danos e perdas sufridos, as autoridades e os funcionarios que entren en contacto coas vítimas deberanlles facilitar información escrita ou documentos comprensivos das cuestións sinaladas no artigo 5.1 do Estatuto da vítima do delito, cando a vítima o precise.

2. Os documentos a que se refire o número anterior poderán incluír, coa debida separación, un modelo de solicitude para ser notificado das resolucións a que refire o artigo 7 do Estatuto da vítima do delito, ou para deixar sen efecto, de ser o caso, a mencionada solicitude.

3. Cando a vítima solicite que se lle notifiquen as resolucións a que se refire o artigo 7.1 do Estatuto da vítima do delito, tamén poderá solicitar que estas resolucións se comuniquen, ademais, ás oficinas de asistencia ás vítimas ou, de ser o caso, á Oficina de Asistencia ás Vítimas do Terrorismo da Audiencia Nacional.

4. Cando se trate de vítimas de delitos de violencia de xénero, seranlles notificadas as resolucións que acorden a prisión ou a posterior posta en liberdade do infractor, así como a súa posible fuga, e as que acorden a adopción de medidas cautelares persoais ou que modifiquen as xa acordadas, cando tivesen por obxecto garantir a seguridade da vítima, sen necesidade de que a vítima o solicite, salvo naqueles casos en que manifeste o seu desexo de non recibir esas notificacións.

Artigo 8. *Dereito de acceso aos servizos de asistencia e apoio.*

1. O acceso por parte das vítimas aos servizos de asistencia e apoio facilitados polas administracións públicas e polas oficinas de asistencia ás vítimas será sempre gratuíto e confidencial. Estes servizos deberanse garantir antes, durante e por un período de tempo adecuado despois da conclusión do proceso penal.

2. Cando se trate de delitos que causasen prexuizos de especial gravidade, atendendo ás necesidades e aos danos sufridos como consecuencia da infracción penal cometida contra a vítima, as administracións públicas e as oficinas de asistencia ás vítimas poderán facer extensivo aos familiares das vítimas o dereito de acceso aos servizos de asistencia e apoio. Para tal efecto, entenderase por familiares as persoas unidas á vítima en matrimonio ou relación análoga de afectividade e os parentes ata o segundo grao de consanguinidade.

3. Os fillos menores e os menores suxeitos a tutela, garda e custodia das mulleres vítimas de violencia de xénero ou de persoas vítimas de violencia doméstica terán dereito ás medidas de asistencia e protección previstas nos títulos I e III do Estatuto da vítima do delito.

4. As oficinas de asistencia ás vítimas prestarán os servizos de asistencia e apoio nos termos sinalados no Estatuto da vítima do delito e no presente real decreto.

Artigo 9. *Procedemento de avaliación.*

1. A avaliación das necesidades da vítima a que fai referencia o artigo 23 do Estatuto da vítima do delito realizarase, no caso dos funcionarios de policía que actúen na fase inicial das investigacións e no caso das oficinas de asistencia ás vítimas, de acordo co disposto no Estatuto da vítima do delito e no presente real decreto.

2. A avaliación que teñan que realizar os órganos xurisdicionais competentes para a investigación ou o axuízamento, ou o Ministerio Fiscal, de ser o caso, realizarase de acordo co disposto no Estatuto da vítima do delito e na Lei de axuízamento criminal.

TÍTULO II

O Consello Asesor de Asistencia ás Vítimas

Artigo 10. *O Consello Asesor de Asistencia ás Vítimas.*

1. Adscrito á Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Xustiza existirá un Consello Asesor de Asistencia ás Vítimas, con carácter de órgano consultivo.

2. O Consello Asesor de Asistencia ás Vítimas estará integrado polos seguintes membros:

a) Un presidente, cargo que recaerá sobre quen exerza a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza e que poderá ser substituído pola persoa titular da Subdirección Xeral de Organización e Coordinación Territorial da Administración de Xustiza.

b) Con base no convenio de colaboración suscrito para o efecto, tres representantes das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais e materiais ao servizo da Administración de xustiza en réxime de rotación anual, que representarán o resto e que exercerán, tamén rotatoriamente, a vicepresidencia.

c) Un representante designado polo ministro do Interior, con rango de subdirector xeral ou asimilado.

d) Un representante designado polo ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, con rango de subdirector xeral ou asimilado.

e) Dous representantes designados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e pola Fiscalía Xeral do Estado, con base no convenio de colaboración suscrito para o efecto.

f) Un representante do Consello Xeral de Colexios de Psicólogos, designado por este.

g) Dous representantes das asociacións máis representativas na asistencia ás vítimas.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

3. As funcións deste consello son:

a) Asesorar sobre o funcionamento das oficinas de asistencia ás vítimas.
b) Examinar os datos estatísticos.
c) Apoiar os estudos técnicos sobre as actuacións das oficinas e sobre a rede de coordinación.

d) Comparar os distintos plans de apoio psicolóxicos aplicados nas oficinas, co fin de propor melloras na asistencia.

e) Promover a elaboración de protocolos de actuación e a súa actualización con respecto ás normativas nacionais e internacionais

f) Asesorar o Ministerio de Xustiza para a elaboración do informe anual de avaliación periódica do sistema de atención ás vítimas do delito.

g) Calquera outra función que, no ámbito das súas competencias, lle atribúa algunha disposición legal ou regulamentaria.

4. Polo seu carácter consultivo, o Consello non terá competencias con respecto aos aspectos técnicos de actuacións fronte a vítimas individuais.

5. O funcionamento deste consello axustarase ao disposto en materia de órganos colexiados pola lexislación sobre réxime xurídico do sector público.

Artigo 11. *Avaliación periódica do sistema de atención ás vítimas do delito.*

1. O funcionamento das institucións, mecanismos e garantías de asistencia ás vítimas do delito será obxecto dunha avaliación periódica, que levará a cabo o Ministerio de Xustiza mediante a elaboración dun informe anual. Este informe anual realizarase na Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, co asesoramento do Consello Asesor de Asistencia ás Vítimas.

2. O informe anual do Ministerio de Xustiza estará orientado a mellorar o sistema de protección e a adoptar novas medidas para garantir a súa eficacia.

3. O informe anual remitirase ao Consello de Ministros para a súa aprobación definitiva e para a remisión ás Cortes Xerais das propostas que se consideren necesarias para a mellora do sistema de protección das vítimas e das medidas que garantan a súa eficacia. Unha vez aprobado polo Consello de Ministros, publicarase na páxina web do Ministerio de Xustiza.

TÍTULO III

As oficinas de asistencia ás vítimas

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 12. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste título teñen por obxecto a regulación das oficinas de asistencia ás vítimas, que se configuran como unha unidade especializada e un servizo público cuxa finalidade é prestar asistencia e/ou atención coordinada para dar resposta ás vítimas de delitos nos ámbitos xurídico, psicolóxico e social, así como promover as medidas de xustiza restaurativa que sexan pertinentes.

2. As disposicións contidas neste título serán de aplicación tanto ás oficinas de asistencia ás vítimas dependentes do Ministerio de Xustiza como ás dependentes das comunidades autónomas con competencias asumidas sobre a materia, sen prexuízo das especialidades organizativas destas últimas segundo a súa normativa autonómica.

3. No referente ás vítimas de delitos de terrorismo, atenderase, con carácter xeral, ao disposto na Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, e no regulamento aprobado polo Real decreto 671/2013, do 6 de setembro, e ás competencias que a normativa vixente atribúe nesta materia ao Ministerio do Interior, sen prexuízo das actuacións específicas das oficinas recollidas neste real decreto, especialmente relativas á determinación da vulnerabilidade da vítima, para evitar a vitimización primaria e secundaria.

No marco do proceso penal, as oficinas de asistencia ás vítimas coordinaranse coas oficinas do Ministerio do Interior para evitar sucesivas derivacións dun a outro servizo.

Artigo 13. *Ámbito subxectivo.*

1. As disposicións deste título serán aplicables:

a) Como vítima directa, a toda persoa física que sufrise un dano ou prexuízo sobre a súa propia persoa ou patrimonio, en especial lesións físicas ou psíquicas, danos emocionais ou prexuízos económicos directamente causados pola comisión dun delito.

b) Como vítima indirecta, nos casos de morte ou desaparición dunha persoa que fose causada directamente por un delito, salvo que se trate dos responsables dos feitos:

1.º Ao seu cónxuxe non separado legalmente ou de feito e aos fillos da vítima ou do cónxuxe non separado legalmente ou de feito que no momento da morte ou desaparición da vítima convivan con eles; á persoa que ata o momento da morte ou desaparición estivese unida a ela por unha análoga relación de afectividade e aos fillos desta que no momento da morte ou desaparición da vítima convivan con ela; aos seus proxenitores e parentes en liña recta ou colateral dentro do terceiro grao que se encontraren baixo a súa garda e ás persoas suxeitas á súa tutela ou curatela ou que se encontraren baixo o seu acollemento familiar.

2.º En caso de non existiren os anteriores, aos demais parentes en liña recta e aos seus irmáns, con preferencia, entre eles, do que exercese a representación legal da vítima.

2. As disposicións deste título non serán aplicables a terceiros que sufrisen prexuízos derivados do delito.

3. O acceso aos servizos de asistencia e apoio ás vítimas non se condicionará á presentación previa dunha denuncia.

4. Os fillos menores e os menores suxeitos a tutela, garda e custodia das mulleres vítimas de violencia de xénero ou de persoas vítimas de violencia doméstica terán dereito de acceso aos servizos de asistencia das oficinas de asistencia ás vítimas.

5. Cando se trate de delitos que causasen prexuízos de especial gravidade, atendendo ás necesidades e aos danos sufridos como consecuencia da infracción penal cometida contra a vítima, as oficinas de asistencia ás vítimas poderán facer extensivo aos familiares das vítimas o dereito de acceso aos servizos de asistencia e apoio. Para tal efecto, entenderase por familiares as persoas unidas á vítima en matrimonio ou relación análoga de afectividade e os parentes ata o segundo grao de consanguinidade.

Artigo 14. *Dereitos das vítimas respecto ás oficinas de asistencia ás vítimas.*

1. Toda vítima ten dereito de acceso aos servizos de asistencia e apoio das oficinas de asistencia ás vítimas, de forma gratuíta e confidencial.

2. Toda vítima ten dereito, desde o primeiro contacto coa oficina, a recibir, sen atrasos innecesarios, información adaptada ás súas circunstancias e condicións persoais e á natureza do delito cometido e dos danos e perdas sufridos, e a recibir un trato respectuoso, profesional, individualizado e non discriminatorio. Estes dereitos esténdense durante a

actuación dos servizos de asistencia e apoio ás vítimas e de xustiza restaurativa, durante todo o proceso penal e por un período de tempo adecuado despois da súa conclusión, con independencia de que se coñeza ou non a identidade do infractor e do resultado do proceso, incluído o momento previo á presentación da denuncia.

3. Toda vítima ten dereito a ser derivada ás oficinas de asistencia ás vítimas cando resulte necesario en atención á gravidade do delito ou naqueles casos en que ela mesma o solicite.

4. As vítimas dos delitos de terrorismo, as vítimas de violencia de xénero e os menores de idade terán, ademais, os dereitos recoñecidos na súa normativa específica.

Artigo 15. *Natureza xurídica das oficinas de asistencia ás vítimas.*

1. As oficinas de asistencia ás vítimas configúranse como un servizo multidisciplinar de atención ás necesidades da vítima, de carácter público e gratuíto.

2. O Ministerio de Xustiza determinará a regulación, a organización, a dirección e o control das oficinas de asistencia ás vítimas dependentes no seu ámbito territorial, que se configurarán como unidades administrativas.

3. Naquelas comunidades autónomas que asumisen o traspaso de medios materiais e persoais da Administración de xustiza, a organización das oficinas de asistencia ás vítimas dependerá da comunidade autónoma, ben que esta deberá garantir o cumprimento dos dereitos que se desenvolven no Estatuto da vítima do delito e no presente real decreto.

Artigo 16. *Creación e ámbito territorial das oficinas de asistencia ás vítimas.*

1. Mediante orde do ministro de Xustiza, que determinará o seu ámbito de actuación territorial, crearanse as oficinas de asistencia ás vítimas dependentes do Ministerio de Xustiza. As restantes oficinas crearanse nas comunidades autónomas con competencias asumidas en materia de Administración de xustiza.

2. O ámbito territorial axustarase aos seguintes criterios:

- a) Salvo regulación expresa, terá ámbito provincial.
- b) Cando dentro dunha mesma provincia se implante máis dunha oficina, o seu ámbito competencial fixarase na orde de creación.

3. Sen prexuízo do ámbito territorial establecido, as oficinas de asistencia ás vítimas poderán asistir as vítimas independentemente do lugar de comisión do delito.

4. A localización das oficinas realizarase tendo en conta criterios que faciliten a atención á vítima, entre os cales estará a proximidade ás sedes dos xulgados, pazos de xustiza ou fiscalía.

Artigo 17. *Obxectivos das oficinas.*

As oficinas de asistencia ás vítimas teñen como obxectivo xeral prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas como consecuencia do delito e dar resposta ás necesidades específicas no ámbito xurídico, psicolóxico e social.

Artigo 18. *Persoal das oficinas de asistencia ás vítimas.*

1. As oficinas de asistencia ás vítimas estarán atendidas por profesionais especializados, entre os cales poderán encontrarse psicólogos, persoal ao servizo da Administración de xustiza, xuristas, traballadores sociais e outros técnicos cando a especificidade da materia así o aconselle.

2. As administracións públicas garantirán a formación xeral e específica en asistencia e protección ás vítimas, especialmente das vítimas vulnerables, a todos os profesionais da Oficina de Asistencia ás Vítimas. Estes terán formación especializada en familia, menores, persoas con discapacidade e violencia de xénero e doméstica. A súa formación será orientada desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres.

CAPÍTULO II

Funcións das oficinas de asistencia ás vítimas

Artigo 19. *Funcións das oficinas de asistencia ás vítimas.*

As oficinas de asistencia ás vítimas realizarán as seguintes funcións:

1. A elaboración, de ser o caso, de plans de asistencia individualizados para a atención ás vítimas.
2. A información ás vítimas, ás cales se explicará detalladamente, nunha linguaxe accesible, cales son os seus dereitos e como exercelos.
3. Información sobre o acceso á xustiza gratuita e asistencia para a súa solicitude.
4. Asesoramento sobre os dereitos económicos relacionados co proceso, en particular, sobre as axudas polos danos causados polo delito e o procedemento para reclamarlas.
5. O apoio emocional ás vítimas e a asistencia terapéutica das vítimas que o precisen, garantindo a asistencia psicolóxica adecuada para a superación das consecuencias traumáticas do delito.
6. A avaliación e o asesoramento sobre as necesidades da vítima e a forma de previr e evitar as consecuencias da vitimización primaria, reiterada e secundaria, a intimidación e as represalias.
7. A elaboración dun plan de apoio psicolóxico para as vítimas vulnerables e nos casos en que se aplica a orde de protección.
8. A información sobre os servizos especializados dispoñibles que poidan prestar asistencia á vítima, á vista das súas circunstancias persoais e da natureza do delito de que poida ter sido obxecto.
9. O acompañamento da vítima, ao longo do proceso, ao xuízo, se o precisar, e/ou ás distintas instancias penais.
10. A colaboración e a coordinación cos organismos, institucións e servizos que poden estar implicados na asistencia ás vítimas: xudicatura, fiscalía, forzas e corpos de seguridade, servizos sociais, servizos de saúde, asociacións e organizacións sen ánimo de lucro, sobre todo nos casos de vítimas vulnerables con alto risco de vitimización.
11. Valoración das vítimas que precisen especiais medidas de protección coa finalidade de determinar qué medidas de protección, asistencia e apoio deben ser prestadas, entre as cales se poderán incluír:
 - a) A prestación de apoio ou asistencia psicolóxica para afrontar os trastornos ocasionados polo delito, aplicando os métodos psicolóxicos máis adecuados para a atención de cada vítima.
 - b) O acompañamento ao xuízo.
 - c) A información sobre os recursos psicosociais e asistenciais dispoñibles e, se a vítima o solicita, a derivación a estes.
 - d) As medidas especiais de apoio que poidan resultar necesarias cando se trate dunha vítima con necesidades especiais de protección.
 - e) A derivación a servizos de apoio especializados.
12. A elaboración de informes de acordo coas normas científicas e de maneira independente.
13. A difusión da súa existencia e funcións á sociedade en xeral e a determinados colectivos sociais especialmente vulnerables.
14. A sensibilización dos colectivos e organismos que traballan con vítimas, así como a promoción, organización e participación nas accións formativas que consideren necesarias.
15. A cooperación con estudos e investigacións sobre diferentes aspectos da vitimización a partir dos resultados da intervención das oficinas.

16. O achegamento da xustiza á cidadanía promovendo a comprensión das súas actuacións.

17. A aplicación das medidas de organización e xestión que faciliten o acceso rápido ao servizo prestado, así como a coordinación con outros entes e institucións. Na aplicación destas medidas primará a interdisciplinaridade e o principio de proximidade ao cidadán.

18. O desempeño de forma profesional da función de portelo único en relación coa asistencia ás vítimas de delitos.

19. A información sobre alternativas de resolución de conflitos con aplicación, de ser o caso, da mediación e doutras medidas de xustiza restaurativa.

20. Recibir a comunicación das resolucións a que se refire o artigo 7.1 do Estatuto da vítima do delito cando a vítima fixese uso da facultade prevista no artigo 7.3 deste real decreto, e realizar as actuacións de información e asistencia que, de ser o caso, resulten precisas.

21. E cantas outras funcións se determinen neste real decreto.

Artigo 20. *A asistencia.*

En cumprimento das funcións atribuídas neste capítulo, a Oficina de Asistencia ás Vítimas asistirá a vítima nas áreas xurídica, psicolóxica e social, co fin último de minimizar a vitimización primaria e evitar a secundaria.

Para realizar esta asistencia, as oficinas realizarán plans de asistencia individualizados e coordinaranse con todos os servizos competentes en atención ás vítimas.

Artigo 21. *A atención xurídica.*

1. As oficinas prestarán atención xurídica ás vítimas e, en concreto, facilitarán información sobre o tipo de asistencia que a vítima pode recibir no marco das actuacións xudiciais, os dereitos que pode exercer no proceso, a forma e as condicións en que pode acceder a asesoramento xurídico e o tipo de servizos ou organizacións a que se pode dirixir para recibir apoio.

2. A atención xurídica será en todo caso xeral do desenvolvemento do proceso e a maneira de exercer os distintos dereitos; a orientación e asistencia xurídica do caso concreto corresponde a quen asuma a asistencia letrada.

3. As principais actuacións derivadas desta atención xurídica son:

a) A información ás vítimas: as vítimas, desde o primeiro contacto e durante todo o procedemento, recibirán información actualizada sobre os dereitos que as asisten ao longo do proceso, con linguaxe sinxela e accesible.

b) O estudo e, de ser o caso, a proposta de aplicación das medidas xerais de protección, conforme o previsto no Estatuto da vítima do delito.

4. As oficinas tamén informarán do dereito á asistencia xurídica gratuíta as vítimas que o teñan e asistiran para poder solicitala. As solicitudes de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta poderanse presentar directamente ante as oficinas, que as remitirán ao colexio de avogados que corresponda. As oficinas tamén contactarán cos colexios de avogados para as designacións de avogados nos casos en que proceda.

Artigo 22. *A asistencia psicolóxica.*

A asistencia psicolóxica supón:

a) A avaliación e o tratamento das vítimas máis vulnerables para conseguir a diminución da crise ocasionada polo delito, o afrontamento do proceso xudicial derivado do delito, o acompañamento durante o proceso e a potenciación das estratexias e capacidades da vítima, posibilitando a axuda do contorno da vítima.

Entre os factores que se avaliarán están: o tipo de relacións da vítima, o afrontamento dos problemas, as fontes de apoio, os valores, a acumulación de estresores, os problemas

de saúde e de comportamento, as condicións socioambientais, así como as variables asociadas ao feito delituoso, entre as cales están o impacto directo do delito e os trastornos ocasionados por este, o risco de reincidencia, as posibles represalias e a intimidación.

b) O estudo e a proposta de aplicación das medidas de protección que minimicen os trastornos psicolóxicos derivados do delito e eviten a vitimización secundaria, conforme o previsto no Estatuto da vítima do delito.

Artigo 23. *A asistencia social.*

A intervención social supón a coordinación e, de ser o caso, derivación a servizos sociais, institucións ou organizacións de asistencia a vítimas, para garantir aloxamento seguro, atención médica inmediata e axudas económicas que lles poidan corresponder, con especial atención ás necesidades derivadas de situacións de invalidez, hospitalización, falecemento e as agravadas pola situación de vulnerabilidade das vítimas.

Artigo 24. *As oficinas de asistencia ás vítimas como autoridade de asistencia nos delitos transfronteirizos.*

As oficinas de asistencia ás vítimas, conforme a Directiva 2004/80/CE do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre indemnización ás vítimas de delitos, son a autoridade de asistencia das vítimas de delitos en situacións transfronteirizas, nos casos en que o delito se cometa nun Estado membro da Unión Europea distinto a España e a vítima teña a súa residencia habitual en España, e actuarán conforme o establecido no Real decreto 738/1997, do 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. Nos casos de delitos de terrorismo o Ministerio do Interior é a autoridade de asistencia para os efectos anteriores.

CAPÍTULO III

Fases da asistencia

Artigo 25. *Fases da asistencia.*

A asistencia ás vítimas realízase en catro fases: a acollida-orientación, a información, a intervención e o seguimento.

Artigo 26. *Fase de acollida-orientación.*

A acollida-orientación realízase a través dunha entrevista, presencial ou telefónica, e ten como fin que a vítima presente os seus problemas e necesidades, que permita orientala, analizar posibles intervencións doutros recursos e, se procede, a derivación a estes.

Artigo 27. *Fase de información.*

As oficinas de asistencia ás vítimas darán a información que precisa a vítima adaptada ás súas circunstancias e condicións persoais, á natureza do delito cometido e aos danos e perdas sufridos.

Esta información –que poderá ser por escrito, verbal ou por medios electrónicos, así como presencial ou non– comprenderá a información xeral sobre os seus dereitos, desde o primeiro contacto coas autoridades competentes, e será detallada e actualizada durante todo o proceso.

As oficinas informarán as vítimas sobre a función tuitiva do Ministerio Fiscal e facilitaranlles información sobre os dereitos que as asisten e, en particular, sobre os seguintes:

a) Dereito a denunciar e, de ser o caso, o procedemento para interpor a denuncia e dereito a facilitar elementos de proba ás autoridades encargadas da investigación.

- b) Procedemento para obter asesoramento e defensa xurídica e, de ser o caso, condicións en que se pode obter gratuitamente.
- c) Posibilidade de solicitar medidas de protección e, de ser o caso, procedemento para facelo. Cando se trate de vítimas de violencia de xénero e doméstica, sobre a posibilidade de solicitar unha orde de protección, explicando de forma comprensible que confire á vítima un estatuto integral de protección e, de ser o caso, procedemento para facelo.
- d) Medidas de asistencia e apoio dispoñibles, sexan médicas, psicolóxicas ou materiais, e procedemento para obtelas. Dentro destas últimas incluírase, cando resulte oportuno, información sobre as posibilidades de obter un aloxamento alternativo.
- e) Indemnizacións ou axudas económicas a que poida ter dereito e, de ser o caso, procedemento para reclamálas.
- f) Servizos de interpretación e tradución dispoñibles.
- g) Axudas e servizos auxiliares para a comunicación dispoñibles.
- h) Procedemento por medio do cal a vítima pode exercer os seus dereitos no caso de que resida fóra de España.
- i) Recursos que pode interpor contra as resolucións que considere contrarias aos seus dereitos.
- j) Datos de contacto da autoridade encargada da tramitación do procedemento e canles para se comunicar con ela.
- k) Servizos de xustiza restaurativa dispoñibles, nos casos en que sexa legalmente posible.
- l) Supostos en que pode obter o reembolso dos gastos xudiciais e, de ser o caso, procedemento para reclamálo.
- m) Dereito a ser informada sen atrasos innecesarios da data, da hora e do lugar do xuízo, así como do contido da acusación dirixida contra o infractor.
- n) Dereito a efectuar unha solicitude para ser notificada das resolucións a que se refire o artigo 7 do Estatuto da vítima do delito, así como deixar sen efecto esta solicitude, e a solicitar que esas resolucións tamén se comuniquen ás oficinas de asistencia ás vítimas.
- o) Dereito a obter unha copia da denuncia, debidamente certificada.
- p) Dereito á asistencia lingüística gratuíta e á tradución escrita da copia da denuncia cando non entenda, non fale ningunha das linguas que teñan carácter oficial no lugar en que se presenta a denuncia.
- q) Dereito das vítimas de delitos de violencia de xénero a seren notificadas das resolucións a que se refiren as letras c) e d) do número 1 do artigo 7 do Estatuto da vítima do delito, sen necesidade de que o solicite, salvo que manifeste o seu desexo de non recibir tales notificacións.
- r) Dereito ao período de reflexión en garantía dos dereitos da vítima en casos de catástrofes, calamidades públicas ou outros sucesos que producisen un número elevado de vítimas que impiden aos avogados e procuradores os seus servizos profesionais ata transcurridos 45 días desde que aconteceu o feito, que queda sen efecto no caso de que a presentación destes servizos profesionais fose solicitada expresamente pola vítima.
- s) Dereito a que se lle comunique a resolución de sobresemento e a posibilidade de interpor recurso.
- t) Dereito a solicitar que se impoñan ao liberado condicional as medidas ou regras de conduta previstas pola lei que consideren necesarias para garantir a súa seguridade, cando aquel fose condenado por feitos dos cales poida derivar razoablemente unha situación de perigo para a vítima.
- u) Dereito a facilitar ao xuíz ou tribunal calquera información que resulte relevante para resolver sobre a execución da pena imposta, as responsabilidades civís derivadas do delito ou o comiso que fose acordado.
- v) A información sobre os servizos especializados dispoñibles que poidan prestar asistencia á vítima, así como os recursos psicosociais e asistenciais dispoñibles.

Artigo 28. *Fase de intervención.*

Entre as intervencións xurídicas, psicolóxicas e sociais que realizan as oficinas de asistencia ás vítimas están as seguintes:

a) A avaliación da vulnerabilidade das vítimas que lle sexan derivadas ou que acudan directamente á oficina.

b) A proposta das medidas de protección ás vítimas, especialmente das máis vulnerables, con especial atención aos menores e ás persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, e o seguimento da súa execución.

c) A asistencia terapéutica psicolóxica e o tratamento psicolóxico das vítimas no ámbito do proceso penal que, en principio, se realiza en dúas fases:

1.^a A primeira fase, dirixida a lograr que a vítima teña o control xeral da súa conduta, en que se analizan os elementos que garanten a integridade física e psíquica, co fin de facilitar a expresión dos sentimentos e o dominio cognoscitivo e de realizar as adaptacións condutuais e interpersoais máis necesarias.

2.^a A segunda fase, en que se analizan as expectativas xeradas polo delito, se corrixen as posibles distorsións e se realizan as intervencións psicolóxicas e os tratamentos de longa evolución para o tratamento específico de síntomas postraumáticos.

d) A aplicación do plan de apoio psicolóxico.

e) A información e o seguimento da decisión da vítima nas medidas penitenciarias.

f) A información sobre a posibilidade de acceder á xustiza restaurativa e, de ser o caso, sobre a aplicación das medidas desta natureza que se poidan adoptar.

g) O acompañamento ao xuízo ou a outras instancias xudiciais, ou a proposta de acompañamento pola persoa designada pola propia vítima.

h) A coordinación co resto de servizos sociais, policiais ou outros, principalmente para o seguimento das vítimas vulnerables con alto risco e o apoio para a obtención das axudas económicas que lles poidan corresponder, así como as medidas asistenciais fronte a calquera necesidade e, especialmente, en situacións de invalidez, hospitalización, ou falecemento.

Artigo 29. *Fase de seguimento.*

As oficinas de asistencia ás vítimas realizan o seguimento da vítima, especialmente das máis vulnerables, durante todo o proceso penal e por un período de tempo adecuado despois da súa conclusión, con independencia de que se coñeza ou non a identidade do infractor e do resultado do proceso.

CAPÍTULO IV

Avaliación individual das vítimas

Artigo 30. *Avaliación individual das vítimas co fin de determinar as súas necesidades especiais de protección.*

1. Sen prexuízo do que acorden as autoridades xudiciais ou fiscais competentes, as forzas e corpos de seguridade do Estado e, de ser o caso, as policías autonómicas efectuarán no momento da denuncia unha primeira avaliación individual da vítima para determinar as súas necesidades de protección e para identificar, de ser o caso, as vítimas vulnerables.

Nesta primeira avaliación informarase a vítima da posibilidade de acudir a unha oficina de asistencia ás vítimas. A información solicitada nesta primeira avaliación poderá ser trasladada á Oficina de Asistencia ás Vítimas só co consentimento previo e informado da vítima.

2. Cando a vítima acuda ás oficinas de asistencia ás vítimas, de ser o caso, coa información facilitada, estas realizarán unha avaliación individualizada. A Oficina de Asistencia ás Vítimas terá en conta, en todo caso, o que poida acordar a autoridade xudicial ou fiscal competente para valorar as necesidades da vítima e determinar as medidas de protección.

3. A avaliación individual atenderá as necesidades manifestadas pola vítima, así como a súa vontade, e respectará plenamente a integridade física, mental e moral da vítima. Terá especialmente en consideración:

a) As características persoais da vítima, a súa situación, as necesidades inmediatas, a idade, o sexo, a discapacidade e o nivel de madurez. En particular, valorará:

1.º Se se trata dunha persoa con discapacidade ou se existe unha relación de dependencia entre a vítima e o suposto autor do delito.

2.º Se se trata de vítimas menores de idade ou de vítimas necesitadas de especial protección ou nas cales concorran factores de especial vulnerabilidade.

b) A natureza do delito e a gravidade dos prexuízos causados á vítima, así como o risco de reiteración do delito. Para estes efectos, valoraranse especialmente as necesidades de protección das vítimas nos seguintes delitos:

1. Delitos de terrorismo.
2. Delitos cometidos por unha organización criminal.
3. Delitos cometidos sobre o cónxuxe ou sobre persoa que estea ou estivese ligada ao autor por unha relación de afectividade análoga, mesmo sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivente.
4. Delitos contra a liberdade ou indemnidade sexual.
5. Delitos de trata de seres humanos.
6. Delitos de desaparición forzada.
7. Delitos cometidos por motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, a pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, por razóns de xénero, de enfermidade ou discapacidade.

c) As circunstancias do delito, en particular se se trata de delitos violentos.

4. En caso de vítimas menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, tamén se tomará en conta a súa opinión e intereses, así como as súas especiais circunstancias persoais, e velarase especialmente polo respecto aos principios do interese superior do menor ou da persoa con discapacidade necesitada de especial protección, dereito á información, non discriminación, dereito á confidencialidade, á privacidade e dereito a ser protexido.

Artigo 31. *Informe da avaliación individualizada.*

1. Tras o proceso de avaliación individualizada, as oficinas de asistencia ás vítimas poderán realizar un informe co consentimento previo e informado da vítima, que será remitido con carácter reservado á autoridade xudicial ou fiscal competente para adoptar as medidas de protección.

2. No informe de avaliación individualizada poderanse propor as medidas que se consideren pertinentes para a asistencia e a protección da vítima durante a fase de investigación, especialmente cando se trate de persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, doutras vítimas vulnerables ou de menores. En particular, poderase propor a adopción das seguintes medidas:

a) Que se reciba declaración á vítima o antes posible, o menor número de veces e unicamente cando resulte estritamente necesario.

- b) Que a vítima poida estar acompañada dunha persoa da súa elección.
- c) Que se lle tome declaración en dependencias especialmente concibidas ou adaptadas para tal fin.
- d) Que lle tomen declaración profesionais que recibisen unha formación especial para reducir ou limitar prexuízos á vítima, ou coa súa axuda.
- e) Que todas as tomas de declaración a unha mesma vítima lle sexan realizadas pola mesma persoa, salvo que iso poida prexudicar de forma relevante o desenvolvemento do proceso ou que deba tomar a declaración directamente un xuíz ou un fiscal.
- f) Que a toma de declaración, cando se trate dalgunha das vítimas a que se refiren os ordinais 3.º e 4.º da letra b) do número 2 do artigo 23 do Estatuto da vítima do delito e das vítimas de trata con fins de explotación sexual, a leve a cabo unha persoa do mesmo sexo que a vítima cando esta así o solicite, salvo que iso poida prexudicar de forma relevante o desenvolvemento do proceso ou deba tomar a declaración directamente un xuíz ou un fiscal.
- g) Calquera outra medida tendente a evitar o contacto visual da vítima co acusado. Esta medida, dado o seu obxecto, tamén se poderá propor para a fase de axuizamento.

3. Cando se trate de vítimas menores de idade, as oficinas de asistencia ás vítimas indicarán expresamente no seu informe a concorrencia, de ser o caso, de calquera dos supostos a que fai referencia o artigo 26.2 do Estatuto da vítima do delito, co fin de que o fiscal o poida tomar en consideración no momento de valorar a oportunidade de solicitar do xuíz ou tribunal a designación dun defensor xudicial da vítima para que a represente na investigación e no proceso penal.

4. Calquera modificación relevante das circunstancias en que se basease a avaliación individual da vítima determinará unha actualización desta e, de ser o caso, do informe remitido á autoridade xudicial ou fiscal competente.

5. A Oficina de Asistencia ás Vítimas soamente poderá facilitar a terceiros a información que recibise da vítima co consentimento previo e informado desta.

Artigo 32. *Plan de apoio psicolóxico.*

1. As oficinas de asistencia ás vítimas deberán realizar un plan de apoio psicolóxico para as vítimas especialmente vulnerables ou necesitadas de especial protección.

2. O plan de apoio psicolóxico terá como fin que a vítima poida seguir o proceso penal sen volver experimentar angustia, fortalecer a súa autoestima, fortalecer a toma de decisións e, en particular, aquelas que teñen relación con medidas xudiciais.

3. O plan de apoio psicolóxico realizarase mediante a avaliación das consecuencias físicas e psíquicas do delito, do clima que rodea a vítima, do risco de sufrir novas agresións e do ambiente familiar. Tamén se valorará a capacidade de resiliencia.

4. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas poderán supervisar os plans de apoio que se realicen dentro do seu ámbito territorial.

CAPÍTULO V

A Oficina de Información e Asistencia ás Vítimas do Terrorismo da Audiencia Nacional

Artigo 33. *A Oficina de Información e Asistencia ás Vítimas do Terrorismo da Audiencia Nacional.*

1. A Oficina de Información e Asistencia ás Vítimas do Terrorismo da Audiencia Nacional ten ámbito nacional e realiza as funcións de información e asistencia ás vítimas do terrorismo nos termos previstos no artigo 51 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, e neste real decreto. Porén, por razóns de urxencia ou de proximidade, as vítimas poderán acudir á oficina de asistencia ás vítimas da súa provincia, que se coordinará coa Oficina de Información e Asistencia ás Vítimas do Terrorismo da Audiencia Nacional.

2. A Oficina de Información e Asistencia ás Víctimas do Terrorismo da Audiencia Nacional realiza, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Facilitar información sobre o estado dos procedementos que afecten as vítimas do terrorismo.
- b) Asesorar as vítimas do terrorismo en todo o relacionado cos procesos penais e contencioso-administrativos que as afecten.
- c) Ofrecer acompañamento persoal aos xuízos que se realicen en relación cos actos terroristas de que deriven os afectados.
- d) Dar apoio emocional e terapéutico ás vítimas. A oficina avaliará os trastornos ocasionados polo delito, ao longo do proceso penal, realizará a asistencia psicolóxica adecuada para a superación do delito, avaliará o risco de vitimización sinalando as medidas de protección adecuadas e aplicará o plan de apoio como vítima vulnerable. Todo iso sen prexuízo das competencias nesta materia do Ministerio do Interior.
- e) Previr as consecuencias da vitimización primaria e evitar a vitimización secundaria e a desprotección tras o delito.
- f) Facilitar a colaboración e a coordinación entre os organismos, institucións e servizos que poden estar implicados na asistencia concreta de cada vítima, sen prexuízo das competencias nesta materia do Ministerio do Interior.
- g) Promover a salvagarda da seguridade e intimidade das vítimas na súa participación nos procesos xudiciais, para protexelas de inxerencias ilexítimas ou actos de intimidación e represalia e calquera outro acto de ofensa e denigración.
- h) Informar sobre as posibles indemnizacións a vítimas de terrorismo e derivalas, en todo caso, ao órgano do Ministerio do Interior competente na materia.
- i) Establecer canles de información á vítima acerca de todo o relacionado coa execución penitenciaria, ata o momento do cumprimento íntegro das penas. Particularmente, nos supostos que supoñan concesión de beneficios ou excarceración dos penados.
- j) Recibir a comunicación das resolucións a que se refire o artigo 7.1 do Estatuto da vítima do delito cando a vítima fixese uso da facultade prevista no artigo 7.3 deste real decreto e realizar as actuacións de información e asistencia que, de ser o caso, resulten precisas.

3. Seguirá o mesmo modelo de actuación xeral das oficinas de asistencia ás vítimas e realizará as avaliacións necesarias das vítimas máis vulnerables nos termos do artigo 31 deste real decreto. Así mesmo, prestará a asistencia psicolóxica naqueles casos en que sexa necesaria para afrontar as consecuencias do delito.

CAPÍTULO VI

Actuacións das oficinas en materia de coordinación

Artigo 34. *A rede de coordinación.*

1. O Ministerio de Xustiza, ou as comunidades autónomas con competencias en xustiza, poderán coordinar as actuacións das oficinas de asistencia ás vítimas cos diferentes órganos ou entidades competentes que prestan asistencia ás vítimas e con este fin poderanse realizar convenios de colaboración e protocolos. Poderán impulsar, así mesmo, a colaboración con redes públicas e privadas que asisten as vítimas, entre outras con:

- a) Forzas e corpos de seguridade do Estado e policías autonómicas.
- b) Servizos de benestar social.
- c) Concellos.
- d) Servizos de saúde (112/061, urxencias, urxencias psiquiátricas e programas de saúde mental).
- e) Servizos de educación.
- f) Servizos laborais.
- g) Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro.

- h) Servizos psicosociais da Administración de xustiza.
- i) Unidades de coordinación contra a violencia sobre a muller e as unidades de violencia sobre a muller, integradas organicamente nas delegacións e subdelegacións do Goberno e nas direccións insulares.
- j) Servizos especializados para a atención ás vítimas de violencia de xénero.
- k) Calquera outro órgano ou entidade da Administración xeral do Estado ou doutras administracións con competencias en asistencia e/ou atención ás vítimas.

2. As oficinas de asistencia ás vítimas poderán manter reunións periódicas cos organismos, institucións e entidades relacionados no número anterior, para optimizar a asistencia das vítimas particulares, efectuar, de ser o caso, o seguimento das vítimas vulnerables e asegurar o seu papel de punto de acceso coordinador ou portelo único.

Artigo 35. *Actuacións dos letrados da Administración de xustiza en cumprimento do Estatuto da vítima do delito.*

En cumprimento do artigo 10 do Estatuto da vítima do delito, os letrados da Administración de xustiza derivarán as vítimas ás oficinas de asistencia ás vítimas, nos termos establecidos nas leis procesuais, cando resulte necesario en atención á gravidade do delito, á vulnerabilidade da vítima ou naqueles casos en que a vítima o solicite.

Artigo 36. *Coordinación en grandes catástrofes.*

No caso de catástrofes ou sucesos con vítimas múltiples que teñan a súa orixe ou causa nun feito delituoso, as oficinas de asistencia ás vítimas coordinaranse co resto de institucións competentes para garantir a asistencia ás vítimas.

CAPÍTULO VII

Outras actuacións das oficinas

Artigo 37. *Funcións das oficinas de asistencia ás vítimas en materia de xustiza restaurativa.*

As oficinas de asistencia ás vítimas poderán realizar as seguintes actuacións de xustiza restaurativa:

- a) Informar, de ser o caso, a vítima das diferentes medidas de xustiza restaurativa.
- b) Propor ao órgano xudicial a aplicación da mediación penal cando o considere beneficioso para a vítima.
- c) Realizar actuacións de apoio aos servizos de mediación extraxudicial.

Artigo 38. *Información e asistencia sobre execución penitenciaria.*

As oficinas facilitarán ás vítimas información sobre a posibilidade de participar na execución penitenciaria, nos termos previstos no artigo 13 do Estatuto da vítima do delito, e realizarán as actuacións de asistencia que resulten precisas para que a vítima poida exercer os dereitos que a lei lle recoñece neste ámbito.

CAPÍTULO VIII

As actuacións das oficinas para cumprir as funcións administrativas

Artigo 39. *Os datos estatísticos.*

A recompilación dos datos estatísticos deberá incluír, ao menos:

- a) O número de vítimas que solicitaron asistencia e as asistidas, distinguindo entre adultos e menores, e o sexo.

- b) Tipo de vítima por delito sufrido.
- c) Tipo de asistencia e actuacións realizadas.
- d) As derivacións, principalmente as da policía e dos letrados da Administración de xustiza.
- e) O número de vítimas que foron derivadas a servizos de mediación.

Artigo 40. *Outras actuacións administrativas.*

As oficinas realizarán un seguimento de cada caso individual, que se documentará nos correspondentes arquivos ou rexistros. Así mesmo, realizarán unha memoria anual da cal se dará traslado ao Ministerio de Xustiza ou, de ser o caso, ás comunidades autónomas con competencia na materia.

Disposición adicional única. *Limitacións orzamentarias.*

1. A organización e o funcionamento do Consello Asesor de Asistencia ás Vítimas atenderanse cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

2. A entrada en vigor do presente real decreto non producirá incremento do número de efectivos nin das retribucións nin doutros gastos de persoal con impacto orzamentario.

Disposición transitoria única. *Adaptación das relacións de postos de traballo.*

Mentres o Ministerio de Xustiza non modifique as relacións de postos de traballo daquelas oficinas de asistencia ás vítimas que, dentro do seu ámbito de competencia, estean inseridas na oficina xudicial, estas funcionarán para efectos organizativos como unidades administrativas, en condicións idénticas ao resto de oficinas dependentes do Ministerio.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.5.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de administración de xustiza.

Exceptúanse do anterior os artigos 6, 7 e 8, que se ditan ao abeiro da competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, atribuída ao Estado polo artigo 149.1.1.^a da Constitución española, así como o artigo 9, que se dita ao abeiro da competencia exclusiva en materia de lexislación penal e procesual atribuída ao Estado polo artigo 149.1.6.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os titulares dos ministerios de Xustiza e de Facenda e Administracións Públicas para ditar, no ámbito das súas competencias, as normas necesarias para o desenvolvemento, o cumprimento e a execución do disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2016.

Dado en Madrid o 11 de decembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,
RAFAEL CATALÁ POLO